Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

Avda. Barcelona, 15-6ºB 15706-Santiago de Compostela (A Coruña)
G-15075013

DÍA DA RESTAURACIÓN DA MEMORIA LINGÜÍSTICA DE GALICIA

En galego, agora e sempre

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG) vén convocando todos os anos na segunda quincena do mes de outubro actos arredor da restauración da memoria lingüística de Galicia nos camposantos.

A iniciativa, de evidente intencionalidade pedagóxica, quere chamar a reflexionar sobre a incoherencia do feito de enterraren os falecidos con lápidas escritas en castelán, idioma que non falaron en vida. As estatísticas infórmannos que só unha de cada mil lápidas está escrita en galego. Por este motivo a AFNLG convoca aos concellos e movementos asociativos a convocar actos arredor da restauración da memoria lingüística de Galicia.

Aos concellos, porque a Lei de Normalización Lingüística de Galicia ínstaos ao fomento do uso da lingua galega en todas as ordes da vida social, e aos movementos asociativos porque a súa razón de existiren é o fomento do patrimonio cultural nas súas diversas manifestacións.

En primeiro lugar, propoñémoslles aos concellos a celebración dun acto para amplificar o eco da mensaxe galeguizadora coa colocación en sitio ben visible dos camposantos dunha **placa ou monumento** co seguinte texto:

NA MEMORIA DOS QUE AQUÍ XACEN,

PORQUE GRAZAS A ELES

GALICIA SEGUE A TER CULTURA E LINGUA DE SEU.

Afnlg ***Concello de ….***

Outubro, 2022

É evidente que as denominadas "parroquias dos mortos" (cemiterios) non falan o mesmo idioma que as parroquias dos vivos. Algo inexplicable, pero revelador dun proceder que debe ser corrixido. De aí que esta celebración faga fincapé na oportunidade de extender o chamamento ás familias para **substituíren as lápidas en castelán por outras en galego.**

En segundo lugar, consideramos que a participación activa dos distintos movementos sociais e culturais é de obrigada coherencia co espírito fundacional que os creou para dinamizaren a galeguización de Galicia.

Esta iniciativa de acto conxunto de concellos e entidades culturais de todo tipo inclúe a proposta dunha *"Acta de Vontades"* na que se especifican os desexos dos interesados en asinala para que os seus familiares os teñan en conta na celebración das súas exequias fúnebres (celebracións relixiosas ou civís, esquela e lápida).

Cómpre sinalar, para maior abundamento, que o precedente histórico na restauración da memoria lingüística de Galicia é o mausoleo onde repousan os restos de Rosalia de Castro, a figura máis sobranceira das nosas letras, no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela cunha inscrición en lingua galega alusiva aos seus moitos méritos, corrixindo o feito de tela soterrada baixo unha lápida en castelán no seu primeiro enterramento no cemiterio de Adina en Padrón.

Moitos anos despois, co gallo de faceren obras para a consolidación da igrexa de San Facundo de Ribas de Miño do século XII, situado no Concello da Paradela (Lugo) todos os restos existentes trasladáronse do adro a un novo cemiterio. Os arquitectos encargados de dirixiren as obras, con moi bo criterio puxéronlles a todos eles lápidas en galego no novo emprazamento. Xa que logo, este cemiterio é o máis galeguizado do país.

Galicia, 12 de setembro de 2022

Documento asinado electronicamente polo Vicepresidente da
Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia
D. Xosé González Martínez